



HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO CONCELLO DE VEDRA

Ata o 15 de setembro a atención ao público será no seguinte horario: de luns a venres de 9:00 h. a 13:00 h.

AXENDA PARA O MES DE SETEMBRO

- Prazo de inscrición nas **actividades culturais e deportivas municipais** do 2 ao 20 de setembro. Consulta as propostas no folleto de actividades para este curso 2019-2020.
- **Doa sangue** o mércores 4 de setembro na Unidade Móbil instalada en Santa Cruz de Ribadulla.
- **Observación astronómica** o venres 6 de setembro en Vilanova ás 22 horas.
- **Charla formativa sobre a Sede Electrónica** o 16 de setembro ás 19:30 horas no Telecentro de Vedra.
- Vedra remata o seu verán co **"Recollendo Pegadas"** o venres 27 de setembro a partires das 17 horas na Área de recreo de Agronovo. Haberá obradoiros, xogos, e moita diversión!!
- Axenda da programación da **Terceira Idade**:
 - 7 de setembro: **Festa do Burgo**.
 - 9 de setembro: **Escola do Móbil**.
 - 25 de setembro: **Excursión a Valença e Monte Aloia**.
 - 26 de setembro: **Bingo**.

SETEMBRO

| L | M | MC | X | V | S | D |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

Festividade local do Patio

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- **Propostas das actividades culturais e deportivas** das diferentes asociacións de Vedra. Consulta as súas propostas no folleto de actividades para este curso 2019-2020.
- **28ª Carreira Popular do Gundián en Ponte Ulla** o domingo 15 de setembro.
- O 1 de setembro comeza o prazo de inscrición para participar nos obradoiros da **2ª edición do LAV.mov** e do **segundo concurso "A fume de Carozo"** da Asoc. Senunpeso.
- ... **E en Outubro...**
- Chegará o **Circuíto Galego de Teatro Amador 2019** da Asociación Cultural Papaventos.
- Chegará o **LAV.mov**.
- Chegará unha nova edición do **Espazo Activo da Ulla** da man da Asoc. Cultural San Campio co Pasabodeghas como protagonista o sábado 26 de outubro.

O SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL!!

■ Dende fai anos o Concello de Vedra conta cun servizo de novas dende o cal informa puntualmente a todas as súas persoas usuarias da actualidade municipal e asociativa de Vedra así como de toda a información doutras entidades (Xunta, Deputación,...) de interese xeral. Para pertencer a este só tes que enviarnos un mail a novas@concellodevedra.com e solicitar a túa inclusión neste servizo. Agora queremos dar un paso máis para facer que a información sexa máis áxil e inmediata. Por

iso creamos o servizo de novas por whatsapp, de xeito que simplemente enviando un whatsapp ao teléfono 663 893 398 indicado ALTA NO SERVIZO DE NOVAS, pasarás a formar parte deste servizo a través dun grupo de difusión dende o cal recibirás a información sen posibilidade de resposta nin de que os teus datos cheguen ao resto de participantes.

Non perdas esta oportunidade e escríbenos XA!!



Etapa do Goza do Ulla en Vedra o domingo 4 de Agosto.



Festa da Piscina con inchables, música...



Trofeo Concello de Vedra no campo de Fútbol de San Mamede de Ribadulla.



Ludoverán, desenvolveu en agosto as súas actividades e obradoiros.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



IX Festa do Chourizo en San Pedro de Sarandón o domingo 4 de agosto.



Proxecto Aulas de Verán da Asociación Medioambiental Amabul.



XXII Concentración de motos Val do Ulla os días 16, 17 e 18 de Agosto.



Programación cultural arredor do Santiaguíño: concentración de espantallos, festa infantil, ruta cabalar,...

De Interese

VOLTA AO COLE

■ **Datas de inicio do curso 2019-2020:**

- **En infantil e primaria:** 11 de setembro.
- **En secundaria:** 16 de setembro.

OLLO!! Detectado erro na nota informativa, xa subsanado, no CPI de Vedra na data de inicio de secundaria, que definitivamente será o 16 de setembro.



CALENDARIO DAS ITV AGRÍCOLAS EN VEDRA

■ Unidade móbil de inspección técnica a vehículos agrícolas na zona do pavillón municipal de Vedra:

Datas e horarios:

- Luns 9 de setembro e martes 10 de setembro.
- De 9 a 13.30 horas e de 15.15 A 18 horas.

Solicitar cita previa no teléfono 902 309 000 ou na web: www.sycitv.com.

OLLO!! A admisión de vehículos con características especiais estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspeccións regulamentarias.

IMPOSTOS MUNICIPAIS

■ Á vista dos problemas detectados no reparto das cartas de pago para os impostos xa vencidos...

LEMBRAMOS!! Que do 15 de setembro ao 15 de novembro (aproximadamente) está aberto o prazo para o pago dos impostos (lixo, contibución, saneamento, IAE,...). Se non recibes a carta LEMBRA RECLAMALA!!

DOACIÓN DE SANGUE EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA. O 4 DE SETEMBRO

■ Unha vez máis lembramos a importancia deste pequeno gran xesto co que podes salvar vidas!!

DOA SANGUE!!

- **Data:** 4 de setembro.
- **Horario:** de 9:30 a 14:30 e de 15:30 a 21 horas.
- **Lugar:** Santa Cruz de Ribadulla do supermercado.

Fin do Verán

RECOLLENDO PEGADAS... VENRES 27 DE SETEMBRO A PARTIR DAS 17 HORAS

■ Despois dun verán intenso en actividades, propostas, festas, lecer,... Chega a hora de voltar aos horarios escolares, ás rutinas,... E para cerrar o círculo e que esta realidade sexa máis levadeira propoñemos esta tarde diferente!



- **Data:** 27 de setembro de 17 a 20 h.
- **Lugar:** Área de recreo de Agronovo

Haberá: Xogos de conciencia medioambiental, actividades ao aire libre, obradoiros con material de refugallo ou retornables,... **Infórmate e inscíbete** no 981 814 691 ou en cultura@concellodevedra.com

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA VENRES 6 DE SETEMBRO NO CAMPO DA FESTA DO SANTIAGUIÑO - VILANOVA

Observación Astronómica
O camiño das estrelas - As estrelas do camiño

VENRES
6
SETEMBRO

HORARIO: A PARTIR DAS 21:30 H

LUGAR: CAPELA DO SANTIAGUIÑO

Mais información:
no teléfono 981814691
ou no correo electrónico cultura@concellodevedra.com

ORGANIZA:
Concello de Vedra USC Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

Formación

CURSO SEDE ELECTRÓNICA LUNS 16 DE SETEMBRO ÁS 19.30 NA AULA MULTIMEDIA DE VEDRA

- • **Data:** 16 de setembro ás 19:30 horas.
- **Lugar:** a aula multimedia de vedra (edificio da biblioteca municipal).
- **Imparte:** especialista da Deputación da Coruña.

Trátase dunha xornada de formación para coñecer unha realidade que cada día nos é máis próxima, como é a tramitación administrativa de maneira dixital a través de TEDEC.

Está pensada para todos os públicos e moi especialmente para persoas integrantes de asociacións que tramitan calquera proceso administrativo, (subvencións, solicitudes de probas deportivas, eventos culturais,...)

Explicaranse as condicións mínimas esixidas para que unha entidade ou unha persoa de xeito individual poida tramitar calquera tipo de expediente nesta plataforma (Certificado Dixital, DNI electrónico, chave 365).

Medio Ambiente

VEDRA SUMASE AO PACTO DE ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA

■ O Concello de Vedra ven de sumarse a esta iniciativa que agrupa a milleiros de gobernos locais, que de forma voluntaria comprométese a implantar os obxectivos da UE en materia de clima e enerxía.

cia, promove esta iniciativa europea ofrecendo apoio aos Concellos para que poidan cumprir os compromisos adquiridos a través deste pacto.

A Xunta de Galicia, Coordinadora do Pacto dos Alcaldes para Gali-

Toda a información sobre o pacto na seguinte web:
www.pactodelosalcaldes.eu/es/



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

ATENCIÓN!!

En setembro o Centro Social volve a abrir as súas portas en horario de luns a sábado de 19:00 a 23:00 horas.

- **Celebración da patrona do Centro Social "Festa do Burgo"**
O sábado 7 de setembro na carballeira ás 13:00 h.
Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade ás 13 horas, haberá pulpeiro e quen queira poderá levar a comida,...

- **Escola do Móbil "Pedir unha cita médica".**

O luns 9 de setembro no Centro Social.

- **Excursión á Feira de Valença e Monte Aloia.**

O mércores 25 de setembro.
Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas-
O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o sábado 14 de setembro de xeito presencial na cafetería do centro ou no

teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición)

- **Bingo**

O xoves 26 de setembro ás 20:00 h. no Centro Social.

- **Comezan as Ligas de tute, brisca e escoba.**

As persoas interesadas anotarse na cafetería do centro.

SERVIZO DE MADRUGADORES

- O servizo de madrugadores no marco do Programa de Conciliación Conxuga, continúa a funcionar no curso 2019/2020. Comeza a súa actividade o día 12 de setembro no horario de 7:00 a 9:30 h.

Haberá una reunión para todas as familias interesadas en empregar este servizo no local da Ludoteca ás 20:00 h. (Data por concretar).

Importante!! As solicitudes para empregar o servizo de madrugadores deberán presentarse obrigatoriamente por rexistro. Toda a información e consultas no teléfono do Departamento de Servizos Sociais 981 814 693




XUNTA DE GALICIA



Concello de Vedra

CAMIÑOS DE COÑECEMENTO E EXPERIENCIA



12/09/2019 16:30-18:00 H

Seminario: Qué é o envellecemento?

Prof. Don Víctor Manuel Arce Vázquez, Doutor en Medicina, Profesor da Facultade de Medicina da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.

16/09/2019 16:30-18:00H

Seminario O Cine como Linguaxe

D. Álvaro Dosiil Rosende, Facultade de CC. da Educación (USC)

17/09/2019 16:30-18:00H

Práctica Seminario O Cine como Linguaxe

D. Álvaro Dosiil Rosende, Facultade de CC. da Educación (USC)

18/09/2019 16:30-18:00H

Seminario: Que papel poden desempeñar as familias na educación?

Prof. Dña. María del Mar Lorenzo Moledo, Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.
Prof. Dña Diana Priegue Caamaño Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.

19/09/2019 16:30-18:00 H

Seminario: Tesouros agochados no rural

Dña. María Canedo Barreiro, Facultade de Xeografía e Historia (USC)

20/09/2019 16:30-18:00 H

Visita ás Igrexas de Ponte Ulla e de San Mamede

Dña. María Canedo Barreiro, Facultade de Xeografía e Historia (USC)

25/09/2019 16:30-18:00 H

Obradoiro de estilos educativos parentais

Prof. Dña. María del Mar Lorenzo Moledo, Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.
Prof. Dña Diana Priegue Caamaño Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.

26/09/2019 16:30-18:00H.

Sesión Práctica Qué é o envellecemento?, na Facultade de Medicina de Santiago

Prof. Don Manuel Fernández García, Doutor en Medicina, Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria Coordinador nacional do Grupo de Traballo de Nutrición de Semergen

DATA DE CLAUSURA, PENDENTE DE CONFIRMACIÓN.

As clases serán impartidas no Centro Sociocultural da 3ª Idade de Vedra (Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, 41 (O Burgo) Vedra). Información e matrícula (gratuita) no mesmo lugar onde serán impartidas as clases.



PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES, IV CICLO

UNIDADE DE INVESTIGACIÓN ACADÉMICA. REVOLUÇÃO ESTUDIANTEL. 10922 SANTIAGO DE COMPOSTELA. TEL: 981 814 348. (VIGILANCIA) WWW.USC.GAL



LUDOTECA

■ No mes de setembro o servizo de Ludoteca volve de a pouco ao seu horario habitual.

- Ata o día 10 mantén o horario de mañá de 8:30 a 14:30 horas.
- O día 11 de setembro a ludoteca municipal permanecerá pechada.
- A partir do 12 de setembro o horario habitual será:
 - Luns, mércores e venres de 15:00 a 20:00 h.
 - Martes e xoves de 17:00 a 20:00 h.

- O calendario da ludoteca respectará estritamente o calendario escolar.

Importante!! As solicitudes para empregar o servizo de ludoteca deberán presentarse obrigatoriamente por rexistro. Toda a información e consultas no teléfono do Departamento de Servizos Sociais 981 814 693.



Iniciativas Asociativas



AULA AMBIENTAL ULLA DA ASOCIACIÓN AMABUL

■ Continúa o programa de actividades que a Asociación Amabul está a desenvolver no que resta de ano coa colaboración da Deputación da Coruña.

A través del preténdese fomentar unha conciencia social para a conservación, promoción, defensa e mellora do medio ambiente ullán, facilitando un espazo de educación, formación, encontro e reflexión arredor dos seus recursos ambientais e na-

turais, informando e formando sobor boas prácticas ambientais, desenvolvendo accións para a posta en valor dos recursos naturais e ambientais do sistema fluvial Ulla-Deza e favorecendo a relación co medio, a través da observación e a experimentación e as posibilidades de aproveitamento dos recursos naturais da contorna ullán.

Despois do éxito das aulas de verán, tócalles ás aulas de outono!!



CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ En outubro chega unha nova edición do Circuito Galego de Teatro Amador 2019 da Asociación Cultural Papaventos-Andaravía Teatro en colaboración coa Fegatea.

Programa do circuío:

- **Venres 4 de outubro:** Disfunción Continua con "Departamento de selección" (+16)
- **Venres 11 de outubro:** Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla con 'Acto único. Un cabaret

do máis normal' (TP)

- **Sábado 12 de outubro:** Andaravía Teatro con 'Moito barullo e poucas carolas' (TP)
- **Venres 18 de outubro:** Chumpá Teatro con "Intocables, a comedia" (TP)

O lugar de celebración do circuío será o Centro Social de Vedra, o horario de todas elas é ás 21.15 h. e o prezo das entrada serán 2€.

VOLVE O LAV.mov DA ASOCIACIÓN CULTURAL SENUNPESO

■ O 1 de setembro a Asociación Senunpeso abre a inscrición para os obradoiros e o concurso A Fume de Carozo da segunda edición do LAV.mov, un evento dirixido a persoas afeccionadas ao mundo do audiovisual que volverá ter lugar durante dúas fins de semana de outubro.

Obradoiros

• **Iniciación ás curtametraxes. Retratando a realidade**, impartido por Illa Bufarda o 5, 6 e 12 de outubro (24 horas). Nivel: iniciación. Prezo da matrícula: 60 € (30 € para a veciñanza de Vedra e membros da Asociación Senunpeso).

• **Pensar e contar unha serie de TV**, impartido por Pepe Coira o 5 e 6 de outubro (14 horas). Nivel: intermedio. Prezo da matrícula: 50 € (25 € para a veciñanza de Vedra e membros da Asociación Senunpeso).



• **Dirección de fotografía**, impartido por Jaime Pérez o 5 e 6 de outubro (14 horas). Nivel: intermedio-avanzado. Prezo da matrícula: 50 € (25 € para a veciñanza de Vedra e membros da Asociación Senunpeso).

Concurso A Fume de Carozo

Durante o 11, 12 e 13 de outubro celebrarase en Vedra o concurso A Fume de Carozo, un certame de realización *express* de curtametraxes que premiará con 1.000 € a peza gañadora.

A inscrición nos obradoiros está aberta ata o 27 de setembro e a do concurso ata o 7 de outubro, ambas as dúas a través da web www.senunpeso.org, onde se atopará toda a información.

ATENCIÓN, ATENCIÓN!
Búscase xente interesada en saír nunha curtametraxe feita en Vedra!

■ A Asociación Senunpeso quere ofrecerlles aos equipos do concurso A Fume de Carozo un catálogo de xente (de todas as idades) que se ofrezca a actuar o sábado 12 e/ou o domingo 13 de outubro nunha curtametraxe.

As persoas interesadas en participar deben mandar un e-mail cunha foto actual a senunpeso@gmail.com onde indiquen o seu nome completo, un teléfono, dispoñibilidade nesas datas e se teñen experiencia en interpretación (non é obrigatoria).

A asociación agradece a colaboración da veciñanza.

XXVIII CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA

■ O domingo 15 de setembro chega a 28ª Carreira do Gundián en Ponte Ulla.

Con categorías que van dos 0 aos 99 anos e os seguintes premios en metálico: 180 €, 100 € e 75 € para as tres primeiras posicións das categorías masculina e feminina.

Inscricións abertas ata o 11 de

setembro na web www.gundian.gal.

Haberá agasallos para todas as persoas participantes e 750 € en vales de compra e o seguintes sorteos: unha bicicleta de montaña + o peso en litros de gasoil.

Toda a información e consultas en contacto@gundian.gal ou no teléfono 690 129 257





Á ASOCIACIÓN CULTURAL SANTIAGUÍÑO

■ Pola celebración do seu 25 aniversario que afrontou con ilusión e entusiasmo, reunindo a un gran número de integrantes que ao longo dos seus 25 anos de historia foron pasando pola institución e organizando

unha gran e emotiva actuación de reencontro no día grande do Santiaguíño 2019.

Parabéns e a por outros 25!!!



Fotos de grupo dos inicios da asociación e da actualidade dos conxuntos de baile, música e pandeiretas da Asociación Cultural Santiaguíño nas festas que lle dan nome.

Vedra Festeira



FESTAS DAS DORES EN VEDRA

VEDRA
FESTA DAS DORES - 2019

SABADO 31 AGOSTO
Para unha gran verbenas coa actuación dos asistentes:
GRAN PARADA
FANIA BLANCO SHOW

DOMINGO 1 SETEMBRO
Desde ás 11.00h. Misas xeralda cada hora e salmoneo ás 13.00h.
Fonografía: Roberto Lobato Carballeiro e familia.
A saída das 18.30h. verbenas das bandas de:
CELANOVA e VALLADARES
Para unha excelente e verbenas a cargo de:
BANDA MUNICIPAL DE CELANOVA
UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES
Lecturas de poemas, cantos de romancillo, poemas e loxos artísticos a cargo de PIROTECNIA PENIDE

LUNES 2 SETEMBRO
Misa salmoneo ás 11.00h.
Sesión verbenas a cargo de: OBO
Para unha gran verbenas a cargo dos argentinos:
FINISTERRE
OLYMPUS

FESTAS DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA

■ NOVIDADE!!
Festa infantil no Gundián!!
O domingo 8 de setembro: a partir das 17 horas. Con xogos tradicionais, inachables,... e moita diversión!! Trátase dunha actividade gratuíta e aberta a todos os públicos.

FESTAS 2019
GUNDIÁN

SABADO 7 SETEMBRO
As 21.00 h. misa na igrexa parroquial de Ponte Ulla
A saída da procesión espectacular tirada de **FOGOS ARTIFICIAIS**, a cargo de **PIROTECNIA PENIDE**.
En Gundián amenizará a festa:
Grupo de Gaitas PENA DO CORVO
MAREMA DÚO

DOMINGO 8 SETEMBRO
Misas desde as 10:00 h. (cada 30 minutos, ata as 12:00 h.) e a cantada as 13:00 h.
Amenizará a romaría:
GRUPO XUNTANZA

DOMINGO 15 SETEMBRO
Misas desde as 10:00 h. (cada 30 minutos, ata as 12:00 h.) e a cantada as 13:30 h.
As 10:30 h. saída da **XXVIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR**
Amenizará a romaría:
CHARANGA OS ATREVIDOS

FESTAS DO PATIO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ O 21, 22 e 23 de setembro.



TEN TODA A INFORMACIÓN DE VEDRA NA APP CONCELLO DE VEDRA

■ Descarga "Concello de Vedra" no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tablet, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa que poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.